



BASES REGULADORAS DO CONCURSO INFANTIL DE DEBUXOS POLA DIVERSIDADE

1. Persoas destinatarias

Dirixido ás nenas e nenos do Concello de Barbadás, con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos.

2. Categorías

Establécense dúas categorías:

- Nenos/as de 1º a 3º de Primaria.
- Nenos/as de 4º a 6º de Primaria.

2. Normas de participación

Os debuxos presentados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Este concurso celébrase con motivo do día da diversidade -día do orgullo LGTBI- que se conmemora o día 28 de xuño, por isto o tema do debuxo é: que é para ti a diversidade?. Valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa.
- Estar presentado en cartolina ou papel, tamaño DIN A4 (tamaño folio normal)

3. Lugar e prazo de presentación

Os debuxos poderán presentarse na Casa da Cultura, no buzón habilitado para tal efecto, ou nos CEIP Filomena Dato e O Ruxidoiro.

O prazo de presentación dos debuxos será dende o día 24 ata o 28 de maio de 2021

Os debuxos deberán presentarse en sobre pechado con pseudónimo e idade, dirixido á Concellaría de Igualdade de Barbadás "Concurso de Debuxos pola Diversidade", e incluíndo no interior outro sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, enderezo, idade e número de teléfono.

4. Premios

- Entregaranse dous premios por cada categoría, consistentes en:
 - Categoría nenos/as de 1º a 3º de Primaria:
 - 1º Premio: un reloxo dixital.
 - 2º Premio: unhos cascos inalámbricos.
 - 3º Premio: un libro
 - Categoría nenos/as de 4º a 6º de Primaria:
 - 1º Premio: un reloxo dixital.
 - 2º Premio: unhos cascos inalámbricos.
 - 3º Premio: un libro
- O xurado estará composto pola Concelleira de Igualdade, a directora do Centro de Información á Muller e por unha persoa do equipo directivo dos CEIP do Concello de Barbadás.



CONCELLO DE BARBADÁS

- O nome dos gañadores ou gañadoras publicárase na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es) a partires do día 3 de xuño de 2021.
- Os premios entregaránse na Casa da Cultura o día 25 de xuño ás 12:00h.
- Entre todos os debuxos galardoados, o xurado escollerá un que será utilizado como imaxe do cartaz do Día da Diversidade -28 de xuño- do Concello de Barbadás

A participación no concurso suporá a aceptación das presentes bases.

A Concellaría de Igualdade resérvase o dereito a realizar os cambios que poida considerar necesarios.

